



2024/SUBCC/000009

BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN OS PREMIOS DO CONCURSO DE MAIOS 2024

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA:

O Concello de Pontevedra establece esta convocatoria de premios co fin de preservar o patrimonio cultural e fomentar o interese polas actividades culturais e festivas tradicionais do municipio.

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento da concesión de premios do concurso de maios durante este ano 2024, que se vai a celebrar o día 1 de maio a partires das 11:00 horas na Praza da Ferraría.

2.- RÉXIME XURÍDICO

A concesión de premios obxecto das presentes bases rexeranse polo disposto na Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17.09.20104 (BOP nº190 do 30.09.2004), pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de de subvencións, polo Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real decreto 887/2006, de 17 de novembro, e pola Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

Para a concesión dos premios obxecto desta convocatoria, destinaranse os créditos globais de 6.250€, correspondente á aplicación orzamentaria 09.3383.48100 do orzamento de gastos para o exercicio 2024. O libramento desta cantidade farase por medio da expedición da procedente orde de pago a xustificar, tal e como establece o art. 190 do TRLRFL, o artigo 69.1 do Real decreto 500/1990 e a base 63ª das de execución do orzamento para o ano 2024, previa fiscalización da Intervención Xeral.

4.- BENEFICIARIOS:

Poderán participar no concurso de maios as persoas físicas, asociacións, entidades e persoas xurídicas legalmente constituídas así como agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade, que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases e se inscriban para participar no concurso.

No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, deberá facerse constar na solicitude, un representante, así como o detalle dos seus membros, dos que se entenderá que asumen os compromisos de execución e imputan o importe do premio a partes iguais, segundo o modelo anexo. Todos os membros adquiren a consideración de beneficiario

5.- PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

É condición imprescindible que os maios que participen no concurso soliciten a súa inscrición no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra, conforme ó modelo que aparece no anexo.

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria e rematará o 29.04.2024.





A documentación a presentar é a seguinte:

- Anexo I (solicitud de inscrición/participación)
- Anexo II (constitución do maio) ou Anexo III (no caso de asociacións legalmente constituídas)
- Arquivo dixital das coplas dos cantares.

A solicitude, no caso de tratarse de persoas xurídicas, xunto coa documentación debidamente cuberta, presentarse ao Concello dende a sede electrónica <http://sede.pontevedra.gal/> ou ben en calquera outro rexistro electrónico da administración, segundo se establece na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

6.- REQUISITOS DOS MAIOS PARTICIPANTES

Os maios participantes deberán presentarse ao xurado na Praza da Ferraría ás 11:00 da mañá do día 1 de maio. O concurso dará comezo ás 11:30 horas coa "Benvida ao maio". As actuacións realizadas polos maios na Ferraría antes do comezo poderán ser valoradas polo xurado nas súas puntuacións.

Serán susceptibles de obteren os premios regulados nestas bases os maios que cumpran os seguintes criterios:

a) O **maio** será tradicional de Pontevedra, de forma cónica, de entre 1,5 e 2 metros de altura aproximadamente, adornado con produtos tradicionais (fiúncho, pampillos, margaridas, laranxas e ovos). Tamén se aceptarán, por ser tamén de tradición local, cartuchos (calas, camelias, rosas silvestres e bandeiriñas de papel. Calquera outro elemento de adorno será penalizado.

b) Os materiais que compoñen a estrutura non serán visíbeis a non ser os pés de maio e as andas, que serán de madeira.

c) Serán valorados elementos de tipo técnico (como a uniformidade do manto de fiúncho, a elaboración uniforme das coroas de pampillos, margaridas e laranxas, etc.) e artísticos (a distribución dos adornos no maio, a composición de formas e cores, etc.).

d) A **coroa**, no caso de presentarse, non deixará ver os materiais da estrutura. Poderá presentarse como remate do maio, ou mellor (por ser tradición en Pontevedra) en estrutura á parte enriba dun pé de madeira.

Valorarase a composición de formas e cores, así como o motivo que represente.

e) Nas **cantigas** valorarase a retranscrición, a composición, o ritmo e a linguaxe utilizados. Penalizarase o uso de palabras malsoantes e o uso de coplas copiadas de anos anteriores.

f) Na **interpretación** valorarase o emprego do canto tradicional do maio de Pontevedra, así como a entoación, ritmo e voz dos actúantes. Tamén se valorará o uso dos materiais de acompañamento (paos de man ou estadullos).

g) Quedarán á interpretación do xurado todos aqueles aspectos non contidos nos presentes criterios.





h) As letras dos maios premiados poderán ser publicadas polo Concello de Pontevedra, citando a procedencia e sen que os seus autores teñan dereito a percibir ningunha cantidade.

i) A orde de actuación dos maios será elexida por sorteo, antes do comezo das interpretacións.

j)- Trala entrega dos premios, o maio gañador realizará no palco unha nova actuación.

7.- XURADO CUALIFICADOR

O xurado estará integrado por un representante de cada un dos grupos políticos con representación municipal, e un máximo de catro persoas de recoñecida traxectoria no coñecemento e valoración da Festa dos Maios de Pontevedra.

O xurado emitirá o seu veredicto a través da suma das puntuacións dos seus membros, obtidas polos maios en cada modalidade. O xurado seguirá, para as súas puntuacións, os criterios esixidos aos maios participantes. O xurado concederá os premios aos maios participantes e redactará a acta do resultado. O ditame do xurado será inapelable en todo caso.

8.- PREMIOS

Cada maio recibirá 150 euros como premio pola súa participación no concurso, agás que o xurado o descualifique por non cumprir os requisitos previstos nas presentes bases. Estímase, dada a participación en anos anteriores e os contactos mantidos ata a data con distintas agrupacións, que se inscribirán no concurso, un número de participantes non superior a 13, polo que en estimación, faise necesaria unha reserva de crédito por un importe de 1.950 € (150 € x 13 participantes), como premio pola súa participación.

No caso de que o número de participantes supere a dotación orzamentaria disposta, reducirase a contía da gratificación de maneira proporcional entre os beneficiarios, de tal xeito que non se supere a cantidade consignada para tal fin. En canto aos premios serán os seguintes:

- Premio por participación a cada maio..... 150,00 € (150x13 participantes= 1.950 €)
- Premios ao maio tradicional
 - 1º Premio350,00 €
 - 2º Premio300,00 €
 - 3º Premio250,00 €
 - 4º Premio100,00 €
- Premios ás cantigas
 - 1º Premio350,00 €
 - 2º Premio.....300,00 €
 - 3º Premio.....250,00 €
 - 4º Premio100,00 €
- Premios á interpretación
 - 1º Premio350,00 €





| | |
|-----------------|----------|
| 2º Premio | 300,00 € |
| 3º Premio | 250,00 € |
| 4º Premio | 100,00 € |

- Premios á coroa

| | |
|-----------------|----------|
| 1º Premio..... | 350,00 € |
| 2º Premio | 300,00 € |
| 3º Premio | 250,00 € |
| 4º Premio | 100,00 € |

- Premio especial do xurado..... 300,00 €

O incumprimento das presentes bases e convocatoria con actuacións impropias á hora de interpretar(faltando ás normas de decoro) e a falta de respecto por parte das persoas participantes implicará a súa descualificación e, polo tanto, a perda do dereito a percibir a subvención e os premios que obtivera.

9.-ÓRGANO COMPETENTE PARA A APROBACIÓN DAS BASES, CONVOCATORIA E CONCESIÓN DAS AXUDAS

O artigo 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos establece que é competencia da Alcaldía a aprobación das respectivas bases e a concesión das axudas, cando a contía da convocatoria non exceda de 12.024,24 euros.

10.- PUBLICIDADE

Esta convocatoria será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, como sistema nacional de publicidade das subvencións. Asemade, publicarase na sede electrónica do Concello, complementariamente no taboleiros de anuncios e páxina web do Concello.

A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases.

En Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica





SOLICITUDE INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE MAIOS 2024

Datos da entidade solicitante:

Nome(ou denominación social)

CIF/NIF/NIE

Enderezo: Tipo de via (rúa, praza, etc)

Localidade

Provincia

cp

correo electrónico

Datos do representante

Nome e apelidos

Teléfono

NIF.

EXPOÑO:

Que tendo coñecemento da celebración do concurso de Maios 2024, convocado polo Concello de Pontevedra, solicito a inscrición para participar no mesmo do maio denominado.....
.....

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA COA SOLICITUDE:

- Fotocopia do NIF da persoa representante e o CIF no caso de asociacións ou persoas xurídicas legalmente constituídas

-Modelo anexo cuberto (no caso de persoa xurídica se entregará o anexo I, no caso de persoas físicas ou agrupación de persoas físicas o xurídicas sen personalidade o anexo II).

- Documento das coplas ou cantares

Pontevedra, de de 2024

Sinatura do representante





ANEXO I (para agrupación de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade)

CONSTITUCIÓN DO MAIO 2024

As persoas que asinan abaixo con números de NIF, DECLARAN:

1.- Que con data.....procedeuse á constitución do maio para participar no concurso de Maíos 2024

Que nesta data nomeouse como representante deste maio para a participación no concurso convocado polo Concello de Pontevedra a Don/Dona..... con NIF.....endereço en.....CP.....Localidade.....Tfno..... e endereço electrónico.....

2.- Que o/a representante desde maio non está incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e recibir subvencións da administración pública.

3.- Que como representante deste maio se compromete a levar a cabo as actividades recollidas nas bases e convocatoria reguladora dos premios.

4.- Que segundo dispón o art. 11 da Lei xeral de subvencións, quen asinan abaixo asumen o mesmo compromiso de execución da actividade subvencionada e que o importe da subvención en caso de percibir premio se aplicará mediante a súa división, entre o número de membros, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

5.- Así mesmo, tódalas persoas que asinan abaixo declaran:

- Atoparse ó corrente nas súas obrigas co Concello de Pontevedra,
- Atoparse ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non atoparse incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas da Administración pública.

| Nome e apelidos | Nif | Sinatura |
|-----------------|-----|----------|
| | | |
| | | |
| | | |





| | | |
|--|--|--|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

Pontevedra, de de 2024

Sinatura do representante





ANEXO II

ASOCIACIÓN LEGALMENTE CONSTITUÍDAS

Nome da Asociación.....CIF.....

Enderezo.....CP.....

Localidade.....

DATOS DO/A REPRESENTANTE:

Nome e apelidos.....NIF.....

Tfno.....e-mail.....

Relación coa entidade.....

DECLARA:

-Que solicita a participación da asociación no concurso de Maíos 2024 co maio.....

-Que este maio se compromete a levar a cabo as actividades recollidas nas bases e convocatoria que rexerán os premios con motivo da celebración da Festa dos Maíos 2024

-Que se atopa ao corrente nas súas obrigas co Concello de Pontevedra

-Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

-Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas da administración pública.

Pontevedra de de 2024

Sinatura do representante

